

ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR, ECONOMÍA, FACENDA E AXENDA DIXITAL DO DÍA 15 DE MAIO DE 2023.

PRESIDENTE:

D. CARLOS LÓPEZ FONT.

VOGAIS:

D.SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ.
DONA ANA MARÍA MEJÍAS SACALUGA.
D. GORKA GÓMEZ DÍAZ.
DONA NOEMÍ OUTEDA PROL.
DONA RAQUEL GIRÁLDEZ ARMAS.
DONA OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS.
DONA IRIA LAMAS SALGUEIRO (*En substitución de GREGORIO AGÍS GÓMEZ*).
D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ.
D. JORGE CUBELA LÓPEZ.
D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO
DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ.
DON IGNACIO MARIL PARDO.
D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS.
D. JAVIER TOURÍS ROMERO.
D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO.
DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA.

En Pontevedra, na sala de xuntas do Pazo Provincial, sendo as doce horas e oito minutos do día 15 de maio de 2023 asisten, baixo a Presidencia de D. Carlos López Font Presidente da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, as deputadas e deputados que ó marxe se sinalan, membros de dita Comisión, de acordo coa correspondente Orde do Día.

Non asiste o Deputado, Don Gregorio Agís Gómez sendo substituído pola Deputada, Dona Iria Lamas Salgueiro.

Asisten o Sr. Interventor, Don Antonio Graña Gómez e tamén o Sr. Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay.

Actúa como Secretario, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Don José Antonio Gullás Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Aberta a sesión, adoptáronse os seguintes acordos:

1. PRONUNCIAMENTO SOBRE A URXENCIA DA CONVOCATORIA DE REUNIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR, ECONOMÍA, FACENDA E AXENDA DIXITAL PARA O DÍA 15-05-2023.

O Presidente da Comisión somete a votación o pronunciamento das deputadas e deputados que forman parte da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital sobre a urxencia da convocatoria para levar a cabo esta reunión extraordinaria urxente, obtendo o seguinte resultado:

1. Votos a favor: (17), sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, (7) do grupo



provincial do Partido Popular, e dous (2) do grupo provincial do BNG.

2. Votos en contra: (0), ningún.

3. Abstencións: (0), ningunha

Unha vez efectuada a votación e tendo en conta que se aprobou por unanimidade o pronunciamento sobre a urxencia da convocatoria para levar a cabo a reunión extraordinaria urxente do día 15 de maio de 2023, procedese a continuar co debate sobre o seguinte punto da orde do día.

2. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE TRANSMISIÓN DA TITULARIDADE DA FINCA DE LOURIZÁN PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA. (EXPTES.- 2023036432 -2023020737 – 2023011587)

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 69 de data 11 de abril de 2023, publicouse un anuncio de exposición pública do expediente de transmisión da titularidade da finca de Lourizán, propiedade da Deputación de Pontevedra, a favor da Xunta de Galicia

Este expediente de transmisión da titularidade da finca de Lourizán, propiedade da Deputación de Pontevedra, a favor da Xunta de Galicia, foi aprobado inicialmente por acordo adoptado polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 31 de marzo de 2023 e o período de exposición pública foi de vinte días hábiles, iniciándose o día 12 de abril de 2023 e finalizando o día 10 de maio de 2023 (ambos inclusive).

En data 9 de maio de 2023, e dentro do citado prazo de exposición pública, tivo entrada na sede electrónica da Deputación un escrito de alegación presentado por D. Antón Masa Vázquez (NIF 33197669K), actuando en representación da Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra (G36145068), con número de rexistro WEB2023031157 no que entre outras consideracións, pon de manifesto a necesidade de que o protocolo de transmisión da mencionada titularidade estableza medidas suficientes para impedir a posible privatización directa ou indirecta das instalacións transferidas e que permaneza absolutamente garantido o carácter público dos espazos da finca de Lourizán transmitidos á Xunta de Galicia. Ao mesmo tempo propón introducir ó longo do texto do protocolo certas matizacións que deixen clara a imposibilidade dos usos privados coa introdución dunha serie de modificacións no texto do protocolo.

Con data 11 de maio de 2023 o Técnico Adxunto do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, o Secretario Xeral e a Viceinterventora elaboraron un informe conxunto



sobre a alegación presentada pola Asociación Pola Defensa da Ría no que consideran que procede a desestimación da mencionada alegación e que se aprobe definitivamente o expediente de transmisión da titularidade da finca de Lourizán a favor da Xunta de Galicia.

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a resolución da alegación e aprobación definitiva do expediente de transmisión da titularidade da Finca de Lourizán propiedade da Deputación de Pontevedra a favor da Xunta de Galicia, asinada conxuntamente polo Técnico Adxunto e polo Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, con data 12 de maio de 2023, cuxo contido é o seguinte:

“En data 6 de xullo de 2022 a Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia asinaron o protocolo Xeral de intencións para a transmisión da titularidade da Finca de Lourizán e da Escola de Cantería de Pontevedra á Comunidade Autónoma de Galicia que tiña por obxecto, según a súa cláusula primeira, declarar a vontade das partes de colaborar a fin de promover os trámites necesarios para facer efectiva a cesión á Xunta de Galicia da titularidade da Finca Lourizán e da Escola de Cantería de Pontevedra e impulsar e formalizar os instrumentos xurídicos que resulten mais adecuados para levar a cabo ditas cesións.

Posteriormente, o Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra na sesión ordinaria do día 31 de marzo de 2023 acordou aprobar inicialmente o expediente de transmisión da titularidade da finca de Lourizán, propiedade da Deputación, a favor da Xunta de Galicia.

De conformidade co establecido no artigo 83.2 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, dito acordo de aprobación inicial do expediente foi sometido a exposición pública por un prazo de vinte días hábiles, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra nº 69 de data 11 de abril de 2023, para que todas as persoas interesadas puideran examinar o expediente y presentar alegacións ó mesmo.

En data 9 de maio de 2023, e dentro do citado prazo de exposición pública, tivo entrada na sede electrónica da Deputación un escrito de alegación presentado por D. Antón Masa Vázquez (NIF 33197669K), actuando en representación da Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra (G36145068), con número de rexistro WEB2023031157 no que entre outras consideracións, pon de manifesto a necesidade de que o protocolo de transmisión da amentada titularidade estableza medidas suficientes para impedir a posíbel privatización directa ou indirecta das instalacións transferidas e que permaneza absolutamente garantido o carácter público dos espazos da finca de Lourizán transmitidos á Xunta de Galicia. Ao mesmo tempo propón introducir ó longo do texto do protocolo certas matizacións que deixen clara a imposibilidade dos usos privados coa introdución dunha serie de modificacións no texto do protocolo.

Resultando que en data 11 de maio de 2023 emítese informe conxunto do técnico do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, o Secretario Xeral e a Viceinterventora



da Deputación (CSV: 3C0CL5HP0AGPSB5F) que, entre outras consideracións, indica o seguinte:

“(...) Visto o manifestado pola APDR cabe sinalar ao seguinte:

O documento ó que fai referencia esta alegación é o “Protocolo xeral de intencións entre a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra para a transmisión da titularidade da finca Lourizán e da Escola de cantería de Pontevedra á Comunidade Autónoma de Galicia” (...).

Tal e como establece o artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, este protocolo non ten a consideración de convenio, non tendo por tanto carácter executivo, e asinouse exclusivamente como instrumento de declaración de intencións entre ambas Administracións para articular os trámites administrativos correspondentes para materializar a transmisión da finca de Lourizán a favor da Xunta de Galicia. Deste xeito non procede a modificación de dito protocolo pretendida pola APDR no seu escrito de alegacións.

O documento que sí ten efectos xurídicos é o acordo adoptado polo Pleno da Deputación na sesión ordinaria do 31 de marzo de 2023, relativo á aprobación inicial do expediente de transmisión da titularidade da finca de Lourizan a favor da Xunta de Galicia.

Este acordo, no seu apartado resolutivo segundo, establece o seguinte:

“(...) SEGUNDO.- A presente transmisión da titularidade da finca Lourizán queda condicionada á obriga por parte da Xunta de Galicia de manter a afectación dos inmobles ós actuais fins de servizo público ou ben a outros fins de uso xeral ou servizo público das súas respectivas competencias, sen prexuízo da realización doutras actividades complementarias, coma as turísticas, divulgativas e recreativas entre outras, así como preservar a integridade física da finca. O incumprimento destas condicións motivará a resolución da cesión e a reversión automática a favor da Deputación de Pontevedra dos bens transmitidos”

Con este acordo plenario queda establecida a obriga da Xunta de Galicia de manter a afectación dos bens a fins de servizo público das súas competencias. Polo tanto queda garantido o carácter público dos bens transferidos”

Considerando o establecido nos artigos 33.2.ñ) e 47.2 ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

O Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital acorda:

- 1. Desestimar a alegación presentada pola Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra (G36145068), con número de rexistro WEB2023031157 de data 9 de maio de 2023.*



2. *Aprobar definitivamente o expediente de transmisión da titularidade da finca de Lourizan a favor da Xunta de Galicia, configurándose esta aprobación como requisito da súa validez e eficacia*

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo asinada conxuntamente polo Técnico Adxunto e polo Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, con data 12 de maio de 2023, na que se efectuaba proposta para desestimar a alegación presentada pola Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra e para aprobar definitivamente o expediente de transmisión da titularidade da finca de Lourizan a favor da Xunta de Galicia, obtendo o seguinte resultado:

1. **Votos a favor: (17)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, (7) do grupo provincial do Partido Popular, e dous (2) do grupo provincial do BNG.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (0)**, ningunha

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina favorablemente a proposta de acordo relativa á resolución da alegación e aprobación definitiva do expediente de transmisión da titularidade da Finca de Lourizán propiedade da Deputación de Pontevedra a favor da Xunta de Galicia, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE, do grupo provincial do Partido Popular e do BNG.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizado o acto, sendo as doce horas e dez minutos do día arriba sinalado, do que, como Secretario, dou fe.

O Secretario da Comisión

Asdo.: José Antonio Gulías Varela

(Documento asinado electrónicamente ó marxe)

